



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN GALEGA DE CONFRARÍAS DE PESCADORES .

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Galega de Confrarías de Pescadores o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 05.06.2019 ata o 16.12.2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 15.03.722A.781.2, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Que na Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña, co obxecto de mellorar o funcionamento administrativo e o cumprimento dos seus fins ve necesario o acondicionamento da sede, así como a modificación da páxina web en especial para facilitar a información sobre as eleccións aos órganos de goberno das confrarías de pescadores.

Que para poder acometer a promoción dos nosos produtos pesqueiros é necesaria a elaboración de novo material divulgativo, para así acadar unha potenciación da imaxe do sector pesqueiro máis artesanal e dos produtos así extraídos.





Que para a mellora da defensa conxunta da frota artesanal desenvolverase o IV Congreso “Reflexións sobre a pesca artesanal no caladoiro cantábrico noroeste”

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria , en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro  
Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)

